



Foto: Porfirio Solla

## **NOTA INFORMATIVA DO GRUPO DE TRABALLO DA ÁGUIA REAL (GTAR)**

### **Outono 2007**

O Grupo de Traballo da Águia Real (GTAR) da SGO ven de completar a campaña de monitorización correspondente a tempada 2006-2007. Durante este período afondouse no coñecemento da situación da especie en Galicia adicándose unha especial atención ao seu estatus reprodutor.

Durante os pasados 12 meses (Outubro 2006-Septembro 2007) levouse a cabo un intenso traballo de campo que supuxo un esforzo moi importante en horas de observación tendo en conta os limitados recursos humanos e materiais cos que contamos no GTAR.

Neste senso compre suliñar que os membros do Grupo realizaron dúcias de xornadas de campo percorrendo nese período miles de Km para acceder ata as remotas localizacións onde resisten de xeito case heroico as últimas parellas de águias reais galegas para poder constatar así, de primeira man, a crítica situación na que se atopa a especie en Galicia.

Unha vez rematado o traballo de campo e avaliados os datos obtidos podemos concluir cun elevado grao de certeza que os efectivos actuais da especie en Galicia non superan as 4 ou 5 parellas reprodutoras. Isto ven confirmar o estancamento desta poboación sin apreciarse sinais de reocupación de territorios abandonados no seu histórico rango de distribución. Este feito é especialmente significativo porque supón unha importante diferenza co que está a acontecer na maioría das poboacións peninsulares de águia real.

Ademais da crítica situación en termo de efectivos poboacionais constatouse igualmente que a taxa reproductiva foi notoriamente baixa neste último ano quedando resumido do xeito seguinte: tan só dúas parellas conseguiron rematar con éxito parcial a cría (2 polos en total) mentras que as restantes parellas ou ben nin intentaron a cría ou esta fracasou nalgún intre da mesma.

Esta situación combinada (poboación case residual i escaso éxito reprodutor) podería provocar, de non adoptarse medidas urxentes de conservación, que a águia real poda desaparecer como especie reprodutora en Galicia nun curto período de tempo.

A Consellería de Medio Ambiente ten actualmente en fase de elaboración o Plan de Recuperación da águia real por estar incluída no Catálogo Galego de Especies Amenazadas como en "Perigo de extinción". O GTAR considera que é fundamental que o citado Plan de Recuperación sea deseñado e aplicado con rigor a maior brevidade posible.

Pola súa parte, o Grupo de Traballo da Águia Real da SGO vai continuar nesta vindeira tempada as súas actividades a fin de seguir progresando no coñecemento científico e a conservación desta emblemática especie.

J. Carlos Epifanio      Porfirio Solla

(Coordinadores do Grupo de Traballo da Águia Real.)